
Ramón Mariño Paz, *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*, Vigo, Xerais, 2017, 699 páxinas.

Data de recepción: 7/11/2018 | Data de aceptación: 3/12/2018

A *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega* é, sen dúbida, unha das monografías máis esperadas do panorama lingüístico galego, nomeadamente a nivel histórico. Neste volume o profesor da Universidade de Santiago, Ramón Mariño Paz, realiza un esforzo de síntese, de actualización e de profundamento dos aspectos fundamentais das mudanzas lingüísticas acontecidas na nosa lingua ao longo dos séculos desde a súa diferenciación como idioma fronte ao latín vulgar galaico. Por tanto, Mariño reúne os traballos clásicos e os máis recentes da lingüística xeral e, sobre todo, da galega para igualar, contrastar, ampliar ou mellorar moitos dos aspectos característicos e até controvertidos da gramática histórica galega (ou galego-portuguesa), seguindo os pasos da primeira e excelsa gramática histórica galega, da autoría do profesor da Universidade da Coruña Manuel Ferreiro (1999).

O feito de, na actualidade, termos á nosa disposición ora textos cada vez mellor editados ora repertorios dixitais como o CODOLGA (*Corpus Documentale Latinum Gallaecia*), o TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*), o DDGM (*Dicionario de dicionarios do galego medieval*), o GLOSSA (*Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*), o TILG (*Tesouro Informatizado da Lingua Galega*) ou o DdD (*Dicionario de dicionarios*), nos cales Mariño se basea, permite ao catedrático da USC elaborar un maxestoso e sólido estudo sobre a Fonética e a Fonoloxía históricas da lingua galega que, sen dúbida, será unha obra de referencia nos estudos de historiografía lingüística posteriores.

Xa centrados na estrutura do libro, Mariño organiza esta ampla monografía de 600 páxinas en catro grandes apartados, acompañados inicialmente cunha nota preliminar e finalmente coa citación das abundantes fontes textuais de estudo citadas, consoante o período cronolóxico, e cunha profusa bibliografía, así como un necesario e útil índice analítico de palabras e voces onomásticas galegas, portuguesas e asturianas, que desde logo resultan de grande axuda.

Así, no capítulo I, “Variación e mudanzas lingüísticas” (páxs. 11-100), Mariño Paz fai unha introdución sobre a mudanza lingüística e ofrece unha breve contextualización sobre diversas cuestións que este fenómeno envolve, como son os procesos de variación e covariación lingüística, os procesos de lingüificación

e de dialectalización, a continuidade xeolectal e a estandarización. Xa centrado na “imparable sucesión de procesos de mudanza” lingüística, Mariño mergúllase nas fases, nomeadamente superpostas, que se producen ao longo do tempo, ilustrándonos mediante a variación diacrónica dos resultados galegos do latín CANES ou CANTATIS; nas motivacións para a xeración de innovacións lingüísticas; na difusión (diastrática, diatópica e diafásica) das innovacións lingüísticas; e nos distintos tipos de mudanzas, cal as fonético-fonolóxicas, as morfosintácticas e as léxico-semánticas. E, finalmente, para completar este estudo introdutorio ofrece unha reflexión teórica sobre as fontes textuais para estudar a lingua galega desde unha perspectiva diacrónica e o seu impacto na variación evolutiva converxente ou diverxente, pois como é sabido cómpre ter en conta a xénese das obras que chegaron a nós (textos escritos ao norte ou ao sur do río Miño, a correcta edición dos textos, traducións medievais da prosa desde o castelán, unha koiné uniformizadora, escaseza de textos no galego medio etc.). Como se pode concluír, este é un capítulo sumamente necesario nunha obra deste calibre, que por outra parte vén cubrir un oco importante na lingüística histórica galega a respecto da teorización sobre a mudanza ou cambio lingüístico, tan desenvolvido na lingüística xeral.

O capítulo II, “Do latín ao galego medieval (séculos II a. C. - XV d. C.)” (páxs. 101-426), é, sen dúbida, o de maior extensión tanto polo arco temporal abranguido como por o período medieval ser a época en que se producen a maior parte das mudanzas lingüísticas que conforman a cerna da nosa lingua. Así, en primeiro lugar, chama a atención o feito de delimitar o termo *a quo* no latín galaico e, por tanto, non segmentar este período do galego medieval; a explicación tórnase lóxica, pois, por un lado, é perentorio explicar o paso evolutivo deste latín ao romance galego-portugués e, por outro, o coñecemento sobre este latín e o protorromance é escaso.

No vocalismo, diferencia entre as vogais tónicas que conservan o timbre evolutivo esperado para estas, tanto desde o latín clásico, pasando polo latín vulgar 1 até chegar ao latín vulgar 2 e/ou galego, e entre as vogais tónicas que se viron afectadas por procesos de indución fonética, cal os diversos efectos do iode, a metafonía nominal galega e a metafonía de /-i/ postónico final de palabra, a elevación de /e/ e a ditongación goianesa, a palatalización de /a/, o influxo de /u/ e /a/ en hiato ou da consoante nasal posnuclear e da resonancia nasal etc. Destes fenómenos cómpre salientar, en primeiro lugar, a acertada consideración da soante -L- como iode nos grupos secundarios -c’L- e -g’L- interiores de palabra en que “se debeu de producir a transformación de /l/ en [j]” (páx. 134), hipótese que podería vir avalada, como indica Mariño máis adiante na creación da lateral palatal, a través das fórmulas gráficas como , por exemplo, para representar este novo son, para alén de termos en conta o carácter silábico das vibrantes e nasais nalgunhas linguas (Freixeiro

Mato 1998: 133-135). En segundo lugar, a explicación ofrecida sobre a metafonía nominal continúa o ronsel da maior parte da tradición gramatical galega –igual que xa o fixera o profesor Manuel Ferreiro (1999)–. Porén, e aínda que non é intención desta recensión contradicir esta teoría coa cal en esencia concordamos, talvez haxa que revisar todo o relativo á metafonía nominal na sincronía medieval, pois todos os estudos existentes se fundamentan na dialectoloxía galega actual. Se ben as isoglosas parecen terse mantido até a época actual, a metafonía de *-a* final, por exemplo, non parece ter operado no pronome *ela*, xa que na lírica profana unicamente se rexistra o timbre fechado etimolóxico, segundo se demostra nas rimas da poesía de Montero Santalha (2002: 120).

Após o capítulo sobre o vocalismo átono, en que se dan conta das diversas alteracións a que se ven sometidas estas vogais (síncope, mantemento e apócope), Mariño dedica un apartado propio e extenso ás vogais nasais, como non podería ser doutra maneira, tanto pola súa relevancia e especificidade na conformación da nosa lingua como pola súa complexa evolución e representación gráfica. Así, a problemática deste fenómeno non só reside no momento en que xa se tería xerado este proceso nasalizador como tamén na etapa en que se terían iniciado e consumado os diversos casos de desnasalización vocálica (oralización da vogal; desenvolvemento dunha consoante nasal implosiva, dunha nasal velar implosiva ou dunha nasal explosiva; xeración do grupo consonántico /ŋg/). Ao aspecto fonolóxico do proceso hai que sumar, inevitabelmente, a representación gráfica destas vogais e do seu desnasalamento por parte dos escribas e, mesmo, a correcta interpretación dos/das editores/as do trazo sinuoso abreviativo de nasal ou de plica dobre unida que, cando menos, representaría un hiato de vogais homorgánicas orais.

Precisamente a seguinte das epígrafes deste segundo capítulo está dedicada aos hiatos, os cales recibiron diferente tratamento evolutivo (heterosilabificación, ditongación secuencial, coalescencia, síncope, inserción dunha semiconsoante ou dunha consoante ou grupo consonántico). Nestes destaca a coalescencia ou crase de vogais homorgánicas debido á súa peculiaridade, controversia e cronoloxía en que esta tería comezado; consonte Mariño, a crase tería comezado xa na lingua oral anterior á escrita trescentista e “probabelmente foi máis antiga a coalescencia cando as dúas vogais homorgánicas en hiato” (páx. 275). Sexa como for, o certo é que neste fenómeno, cuxa cronoloxía está aínda por se fixar, asistimos a unha “pugna multiseccular entre tendencias innovadoras e conservadoras” (páx. 276), con coalescencia gráfica nos primeiros textos e con hábitos escriturarios conservadores até os finais da Idade Media en convivio con crases.

Finaliza o plano vocálico co tratamento dos ditongos, aínda que unicamente centrado nos de tipo decrecente (de orixe primaria ou secundaria), por seren estas

as secuencias vocálicas mellor estudadas, máis frecuentes ou caracteristicamente máis galegas.

O outro grande bloque no plano fonético-fonolóxico medieval é o consonantismo. Mariño Paz describe as singularidades do sistema consonántico latino –entre as que resaltan os problemas relativos ao estatuto das labiodentais [k^w] e [g^w], de /u/ e /w/, de [j], de /f/ etc.– e contrapón este ao sistema consonántico inicial do galego medieval. A partir de aquí, o profesor santiagués distribúe o estudo do eido consonántico en tres grandes seccións: as palatalizacións consonánticas e as consoantes sibilantes, a lenición consonántica e as consoantes en posición de ataque ou coda silábica; se ben é certo que Mariño nos deleita coa súa erudición e rigor en toda a exposición do capítulo, quizais resulta pouco claro ou pouco didáctico o estudo dalgunhas consoantes a partir da marxe silábica que podían ser susceptíbeis de se estudaren nos apartados anteriores.

No que atinxe ás consoantes sibilantes do galego medieval, Mariño establece un sistema primitivo de oito elementos (con dúas parellas de africadas e dúas de fricativas opostas polo trazo xordo:sonoro), entre os cales destaca a existencia da africada prepalatal sonora /dʒ/, a cal na gramática histórica de Ferreiro non se contemplaba no cadro consonántico con seguranza a pesar de xa se postular (Ferreiro 1999: 104). Así, a se basear en textos como a *Noticia de Torto*, o profesor da USC postula a existencia deste fonema como resultado da inflexión de G + E/I ou da consonantización do iode latino, mentres que o fonema fricativo prepalatal sonoro /ʒ/ procedería unicamente da combinación dunha consoante latina fricativa con iode en posición intervocálica. Nos dous casos ambos os fonemas estarían representados cos mesmos grafemas e, segundo Mariño, terían sido neutralizados en favor do fricativo en época moi temperá, de aí a prudencia neste sistema de sibilantes. Alén disto, tal desafricación non só afectou esta parella, senón que foi extensíbel a todas as africadas, que posteriormente se converteron en fricativas e posteriormente desonorizaron –que se corresponderían, respectivamente, co Sistema Arcaico 2 e co Sistema de Transición, conforme Ferreiro (1999: 190-191) seguindo a Fernández Rei–.

As palatalizacións acontecidas nos procesos de asibilación determinan que Mariño tamén inclúa neste grande apartado as consoantes nasais e laterais palatais, como resultado da palatalización de iode; a este respecto, cabe lembrar o exposto anteriormente sobre a consideración de -L- como iode.

A seguinte grande mudanza latino-vulgar sufrida no consonantismo foi a chamada lenición; en concreto no latín vulgar galaico e no romance posterior asístese a unha reacción en cadea en que se produciu unha abreviación de consonantes longas (ou

unha simplificación de xeminadas), unha sonorización de consoantes xordas breves e un afrouxamento e posible desaparición de consoantes sonoras breves, entre as cales salienta a caída de -L- e -N- intervocálicos e as bilabiais. Canto ás bilabiais, novamente Mariño leva a cabo un maior profundamento no sistema protorromance e determina unha oposición entre tres fonemas labiais: o fonema oclusivo bilabial sonoro /b/, o fonema fricativo bilabial sonoro /β/ e o fricativo labiodental /v/. Porén, a escasa distancia articulatoria deste sistema trimembre derivou nunha simplificación bimembre dos fonemas /b/ e /β/, en que o /v/ se asimilou rapidamente a /β/ –como xa apuntaba Ferreiro (1999: 101)–, cuxa oposición posteriormente foi neutralizada a favor de /b/. Para este fenómeno do betacismo, xa rexistrado desde o século XIII e con relativa frecuencia en textos do XIV e XV, conviría profundar máis no proceso, pois hai obras postrobadorescas en que non se rexistra apenas a escrita betacista (como na *Crónica Troiana* ou nos *Miragres de Santiago*); en consecuencia, cumpriría estudar con maior detalle se puido ter acontecido algo similar ao da crase de hiatos homorgánicos, con tendencias innovadoras ou conservadoras para este fenómeno, para alén de analizar, por exemplo, por que unha serie de palabras non cultas fuxiron á frivativización.

Como se pode comprobar en moitas das mudanzas lingüísticas vocálicas e consonánticas, Mariño Paz abandona os conceptos tradicionais de período trobadoresco e postrobadoresco para marcar as transformacións entre o sistema fonético-fonolóxico inicial e o posterior do galego medieval, nomeadamente porque moitas das transformacións xa tiveron lugar cando o galego se converte en lingua escrita por volta do século XIII e simplemente se foron estendendo ou facendo máis sistemáticas no solpor da Idade Media.

O capítulo III, “O galego medio (séculos XVI-XVIII)” (páxs. 427-528), após o preceptivo contexto sociolingüístico que precede o estudo lingüístico en cada etapa, céntrase na caracterización do sistema vocálico e consonántico da lingua galega durante a Idade Moderna. Así, principia o capítulo coa inestabilidade das vogais átonas cos seus diversos fenómenos de alteración vocálica (asimilacións, disimilacións, paragoxes, apócopes...) e continúa coa culminación do proceso de desnasalización vocálica, en que se recuperan certas estruturas expositivas do bloque anterior, xunto coas mudanzas efectuadas nos hiatos en posición interior de palabra e nos ditongos decrecentes (en que tamén se inclúe o ditongo “homoxéneo decrecente” /^hui/).

De por parte, relativamente ao consonantismo, descríbense as principais transformacións do subsistema de sibilantes, en que interviñeron procesos de desafricación, de indistinción entre predorsodentais e apicoalveolares e de xeración da consoante fricativa interdental xorda /θ/, xunto co enxordecemento das sibilantes,

coa despalatalización dialectal de /ʃ/ e coa desfavorable consideración da consoante /ʃ/ no século XVIII. Ademais, tamén aborda dous fenómenos que xorden neste período, cal a gheada e, quizais con certas reservas, a deslateralización de /k/, deixando espazo, en último lugar, para o tratamento dos ataques e das codas silábicos.

O IV e último capítulo, “O galego contemporáneo (séculos XIX-XXI)” (páxs. 529-578), céntrase nas innovacións acontecidas no sistema vocálico desta etapa, así como nos trazos continuadores ou innovadores do subsistema de consoantes sibilantes ou no retroceso da gheada e mais na consoante fricativa velar xorda e outras consoantes fricativas de localización posterior. Tamén se centra noutros fenómenos como a síncope de /d/ intervocálico na terminación *-ado(s)*, na aumento da deslateralización e fortalecemento de /i/ intervocálico, na estrutura dos grupos consonánticos homosilábicos e heterosilábicos e, inclusive, nos modelos de entoación castelanizante.

En conclusión, a *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega* vén a ser un completísimo e mirífico manual sobre a descrición dos períodos diacrónico da nosa lingua en que se foron operando diversas mudanzas fonético-fonolóxicas desde a súa progresiva conformación como lingua romance autónoma a respecto do latín até hoxe en día. Estamos, pois, ante un volume necesario e improbo, elaborado con sumo rigor e cientifismo, en que entre as sisudas explicacións teóricas se inmiscen exemplos prácticos –a pesar de que ao iren maioritariamente no corpo do parágrafo non resulten tan didácticos–. E, finalmente, non podemos máis que parabenizar a Ramón Mariño Paz por nos ofrecer o primeiro acto dunha gramática histórica galega principiada coa fonética e a fonoloxía, ás cales sucederán os vectores morfosintáctico e léxico-semántico nun futuro máis que próximo, ou así o desexamos.

Xoán López Viñas

Referencias bibliográficas

- Ferreiro, Manuel (1999^a) [1995]. *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998). *Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- Santalha, José Martinho Montero (2002). “Existe rima de vogal aberta com vogal fechada na poesia trovadoresca galego-portuguesa?”. *Revista Galega de Filoloxía* 3, 107-143.